

# FOGO NO MAR

[Gianfranco Rosi, 2016]

# 164

ESTREA EN NUMAX: 14.10.2016 | V.O.S.E. | +7

Fuocoammare (2016, 108')

**Dirección:** Gianfranco Rosi

**Guión:** Gianfranco Rosi

**Participación:** Pietro Bartolo, Samuele Caruana, Samuele Pucillo, Mattias Cucina, Maria Costa, Maria Signorello, Francesco Mannino, Giuseppe Fragapane, Francesco Paterna

**Montaxe:** Jacopo Quadri

**Son:** Stefano Grosso, Giancarlo Rutigliano, Aleksandra Stojanovic, Vladan Nedeljkov

**Fotografía:** Gianfranco Rosi

**Produtora:** Stemal Entertainment, 21 Unofilm, Cinecittà Luce, Rai Cinema (Italia), Les Films d'Ici, Arte France Cinéma (Francia)

**Distribuidora:** Caramel Films España

**Formato de proxección:** DCP 2k, 1.85:1

## FILMOGRAFÍA

*Sacro GRA*, 2013

*El sicario: Room 164*, 2010

*Below Sea Level*, 2008

*Boatman*, 1993

## PREMIOS

Berlín 2016 (Oso de Ouro á mellor longametraxe), David di Donatello 2015 (catro nominacións)

## SINOPSE

A illa de Lampedusa é o punto máis meridional de Italia e desde 1990 converteuse nun lugar masivo de desembarco de inmigrantes procedentes de terras africanas. En pouco máis de 20 anos, máis de 20.000 persoas afogaron durante a travesía para alcanzar o que para moitos supón a vía de entrada a Europa, e que lles debiera permitir escapar da guerra e a fame.

«Un estudo de contrastes sereno e profundo. Non só é un bo documental, senón un magnífico filme»

Demetrious Matheou. INDIEWIRE



## «Os medios só se interesan por Lampedusa cando hai unha traxedia»

**Entrevista a Gianfranco Rosi**  
por *Vittoria Scarpa*

**Durante a gravación estiveches tentado a buscar un xeito de xuntar os dous mundos?** Non, porque sempre filmo o que acontece na vida real e tería sido hipócrita representar interacción falsas que non sucederon realmente. Un dos poucos intres nos que se establece contacto é cando Samuele vai á deriva no pequeno bote e se lle achegan os barcos gardacostas, mais foi completamente inesperado. Todas as escenas do filme aconteceron por azar, a realidade é sempre máis emocionante cás cousas planeadas de antemán.

**Como e cando decidiches equilibrar os dous aspectos centrais do filme, o da narración do filme e a vida dos residentes en Lampedusa?** Durante a montaxe, mais xa na gravación tiña tres elementos separados na miña mente. Por primeiro estaba a historia da illa, o seu espazo baleiro e os personaxes que escollín para o comezo desta aventura. Quería retratar a illa como un elemento independente e propio, pois existe unha división real entre a vida cotiá da xente e o mundo dos inmigrantes. Logo hai un centro de recepción, ao que tiven libre acceso. E logo estaban as viaxes no barco Fulgosi, no que accedín á traxedia. En total gravamos 80 horas de metraxe. Cando comezamos a montar, decateime de que o elemento clave era a historia de Samuele, co seu ollo vago, funcionou de metáfora do punto de vista preguiceiro dos occidentais cara aos inmigrantes. Comparado cos meus filmes anteriores, hai un maior arco narrativo aquí; seguimos un personaxe a pasar por varias situacións. E aos cambios de Samuele súmanse os meus propios e a historia de Lampedusa.

**Cal foi a principal diferenza que atopaches sobre a realidade descrita polos xornais e o que viches en Lampedusa?** Os medios só se interesan cando hai unha traxedia. Mais cando eu cheguei, entre outubro e novembro de 2014, había un sentimento de ausencia

porque o centro estaba pechado por traballos de mellora, non había esa invasión de inmigrantes da que se fala tanto, e iso permitíume entrar en contacto cos illeiros. Cómpre salientar que ao longo dos anos os procedementos dos desembarcos mudaron moito. Antes das operacións Mare Nostrum, Frontex e Triton, os barcos soían atracar directamente na illa. Agora que a fronteira se moveu, os botes adoitan interceptarse en mar aberto. Neste sentido, comezou unha nova fase en Lampedusa, creouse unha certa distancia entre illeiros e inmigrantes, apenas hai interacción.

**No centro de recepción, nun momento vemos un inmigrante nunha caste de rezo, e grazas a esta escena, por vez primeira no filme sabemos da odisea emprendida por esta xente.** Tiven unha gran fortuna ao dar con estes nixerianos, que se abriron a min e permitíronme entrar no seu cuarto. Soaba unha caste de góspel ao fondo e logo cada un deles faloume da viaxe, mais ca unha oración era unha apreciación de ter chegado a Lampedusa. Unha vez que tiven acceso a filmar ese intre xa non tiven que engadir nada máis pois xa estaba todo dito.

**O filme non foxe de imaxes realmente crúas. Que che impactou máis ao enfrontarte cara a cara con esta realidade?** Cando cheguei co bote ao que parecía un transbordo máis — estiven máis de 40 días no mar —, o que realmente me impactou foi ver eses corpos tan próximos á morte fronte a min, o son da súa respiración. Cando souben desta traxedia sentín o deber de gravala mais non era unha decisión doada.

**Que opinas do peche de fronteiras?** Coido que é terríbel. Pero o que máis me asusta é a pechazón mental, e teño esa sensación de moita xente. Pregunteille a un grupo de nixerianos que os levou a botarse ao mar. Díxenlles que poderían ter morto e eles reponderon que a palabra clave era «poderían». No lugar do que veñen a morte está garantida.

Publicado en <http://cineuropa.org/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Lampedusa*, Maylis de Kerangal.  
Anagrama, 2016

*Inmigrantes y ciudadanos*,  
Sassen Saskia. Siglo XXI, 2013

*Un mar de mundos*,  
Arianna Squilloni. Thule, 2014

*Cuentos populares del Mediterráneo*,  
Ana Cristina Herreros (ed.). Siruela, 2008

*La nueva lucha de clases*.  
*Los refugiados y el terror*, Slavoj Žižek.  
Anagrama, 2016

*En torno al Mediterráneo*,  
Fernand Braudel. Paidós, 1997

Un cinema,  
unha libraría  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)